

## PROPOSTA SEMANAL DE MÚSICA

### “MUSICARTE”

ESTA SEMANA TRABALLAREMOS O PULSO:



1º Imos escoitar **o pulso do noso corazón**: nun lugar silencioso, colocamos o noso dedo índice e o do medio na seguinte posición:



- Para destacar que soa sempre igual e de maneira constante, podemos marcar co pé cada pulsación cun golpe no chan.
- Agora pensa...: *A qué outro son constante te recorda? Queres unha pista...? É un invento que marca a hora!!* Siiiiii...é o reloxo!

Escoita o son que fan as agullas dun reloxo, tamén é sempre constante!

2º Agora escoitaremos **o pulso na música**:

- Collemos un **instrumento de percusión** (pandereta, tambor, maracas, platillos...) ou obxectos que teñamos na casa, como por exemplo 2 utensilios de cociña que poidamos golpear (tarteira e cuchara, dúas tapas, dúas cucharas...)
- O seguinte enlace lévanos a unha **canción** moi sinxela que marca perfectamente o pulso. Debemos marcar éste co noso “instrumento” e se queremos, podemos acompañalo con movementos corporais de cadeiras, cabeza, pasos...Preparados músic@s????????????? **PINCHA AQUÍ:**

<https://www.youtube.com/watch?v=m88zmaLJXQo>

3º Por último, imos marcar o pulso da canción anterior **gráfica e visualmente**:

- Colle 1 folio e 2 ceras de cores diferentes, suxeitando unha con cada man
- Vas a facer unha raia por cada pulso:



- Ao rematar a canción escribe debaixo de cada raia os números, a ver cuántos pulsos ten. Dependendo de cada idade podemos escribir ata o 10 (3 anos) ou ata o final.

